



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 3 DE XULLO DE 2010.

ALCALDE:

D. Mariano Iglesias Castro PSdeG – PSOE

CONCELLEIRO/AS:

D. Antonio Quindimil García. PSdeG – PSOE

D. José Ángel Sánchez Sánchez. PSdeG – PSOE

D^a Pilar Sánchez Ulloa. PSdeG – PSOE

D. Gervasio Sánchez Barreiro. PSdeG – PSOE

D. Severino Álvarez Monteserín. PP

D. Adolfo Grobas Vázquez. PP

D^a María José Quindimil Suárez. PP

D. Pedro M. Pedreira Candal. BNG

D. Manoel Bello Salvado. BNG

Non asiste e se excusa:

D. José Fernando García Lesta PSdeG – PSOE

SECRETARIO :

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 3 de xullo de 2010, sendo as dez horas e trinta minutos, na Casa da Cultura do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

1. APROBACIÓN DAS ACTAS CORRESPONDENTES Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 9 DE ABRIL DE 2010 E ÁS SESIÓNS EXTRAORDINARIAS CELEBRADAS OS DÍAS 20 DE ABRIL E 11 DE XUÑO DE 2010.

Abre a sesión o Sr. Alcalde preguntando se por parte dos concelleiros se quere facer algunha aclaración dos borradores das actas correspondente ás sesións sinaladas no epígrafe.

Non habendo pronunciamentos ó respecto, sometese a votación a aprobación do acordo, adoptándose por unanimidade dos membros presentes.

En consecuencia, se elevan a definitivas para a súa transcripción ó Libro de Actas.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

2. MOCIÓN DO PSdeG-PSOE SOBRE A AMPLIACIÓN DA REDE DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA POTABLE NO CONCELLO DE MESÍA

O Sr. Alcalde pásalle a palabra ó Secretario, que fai lectura da moción, que o seu teor literal di:

“MOCIÓN SOBRE A AMPLIACIÓN DA REDE DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA POTABLE NO CONCELLO DE MESÍA

Mesía carece dunha rede de distribución de auga potable para o abastecemento da poboación, servizo básico co que debe contar as súas parroquias.

Nestes últimos anos construíuse unha rede de distribución de auga potable para o abastecemento dunha parte da poboación e, no ano 2009, realizouse o proxecto de ampliación da rede de distribución de auga no Concello de Mesía para dar abastecemento ás restantes parroquias cun orzamento total de 1.353.700,15 €.

Tras a presentación do dito proxecto ante o organismo de Augas de Galicia dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia para cursar a solicitude da realización da obra, o dito proxecto aprobouse pola Xunta de Galicia e incluíuse no Plan Hidrolóxico de Galicia, expediente OH 215.943, co fin de realizar as correspondentes obras neste concello. Despois da cumprimentación de todos os trámites administrativos e técnicos oportunos e ante a falta de resposta e a demora na realización deste proxecto por parte do citado organismo debido exclusivamente a cuestións de índole político, o que supón un grave prexuízo aos intereses de todos os veciños afectados pola dita obra (a metade do concello), o grupo municipal PSdeG – PSOE propón ao Pleno a aprobación do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Instar á Xunta de Galicia, en particular á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e á Augas de Galicia, para que realice o proxecto de ampliación da rede de distribución de auga no Concello de Mesía segundo se aprobou no Plan Hidrolóxico de Galicia.

SEGUNDO.- Dar traslado do dito acordo ao Presidente da Xunta de Galicia, ao Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e á Presidenta de Augas de Galicia.

Mesía, 28 de xuño de 2010 Asdo.: O Portavoz Municipal do Grupo Socialista”

Toma de seguido a palabra o Sr. Alcalde, manifestando que o proxecto referido na moción xa se aprobou aquí en Pleno, e a Xunta tamén o aprobou, e este concello fixo xa todos os trámites que tiña que facer, pero falta a vontade política na Xunta para levalo a cabo. O vindeiro luns xa imos recepcionar unhas obras de abastecemento e resulta que a



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

metade do concello vai ter auga e a outra metade non. Paso a palabra ós voceiros dos grupos municipais.

Toma a palabra o Sr. Pedreira, quen manifesta que vemos lóxico o acordo, e bo, refírese á calidade de vida dos veciños e é unha obra axeitada e necesaria, ademais de estar xa aprobada.

Toma a palabra de seguido o Sr. Álvarez, quen manifesta que nós, como representantes dos veciños, e independentemente do partido en que militemos, debémosnos ós veciños de Mesía, polo que dada a importancia desta obra, que entendemos necesaria, nos estamos pola labor de instar á Consellería a actuación referida.

Non habendo máis intervencións, o Alcalde somete a votación a moción, acadándose o seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

3. MOCIÓN DO PSdeG-PSOE SOBRE A CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO DE DÍA NO CONCELLO DE MESÍA.

O Sr. Alcalde pásalle a palabra ó Secretario, que fai lectura da moción, que o seu teor literal di:

“MOCIÓN SOBRE A CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO DE DÍA NO CONCELLO DE MESÍA

Mesía é un concello rural cunha alta porcentaxe de persoas maiores e cunha elevada dispersión da poboación a nivel xeral, e dos maiores en particular, o que provoca unha escasa integración social, soidade e illamento desta poboación.

A construción dun Centro de Día neste concello favorecerá a existencia de condicións axeitadas de vida entre as persoas maiores o os seus familiares, procurando unha maior autonomía e unha mellora da calidade de vida de ambas partes.

No ano 2006 redactouse o proxecto para a dita construción ao abeiro dunha subvención concedida pola Vicepresidencia de Igualdade e Benestar.

No ano 2008 o Concello de Mesía adquiriu unha parcela na parroquia de Xanceda, mediante escritura pública, para a súa construción.

Neste mesmo ano, o Concello Pleno aprobou ceder o uso de 2.024 metros cadrados desta parcela ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia para a dita construción.

Tras a realización de todos os trámites precisos ante o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para a construción dun Centro de Día neste concello e ante a falta de resposta



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

e a demora na construción por parte do dito organismo, o grupo municipal PSdeG - PSOE propón ao Pleno a aprobación do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Instar á Xunta de Galicia, en particular á Consellería de Traballo e Benestar, para que constrúa o Centro de Día neste concello, dado que cumprimentamos de maneira satisfactoria todos os requisitos.

SEGUNDO.- Que os ditos organismos non sigan escusando a dita construción en carencias orzamentarias, cando publicaron que se realizará a construción dun centro similar nun concello limítrofe que non ten aínda o proxecto redactado nin cumpre o ratio obxectivo de idoneidade, o cal supera o Concello de Mesía.

TERCEIRO.- Dar traslado do dito acordo ao Presidente da Xunta de Galicia, á Conselleira de Traballo e Benestar e ao Xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Mesía, 28 de xuño de 2010 Asdo.: O Portavoz Municipal do Grupo Socialista”

Toma de seguido a palabra o Sr. Alcalde, manifestando que este asunto tamén pasou, como o anterior, por este Pleno, e adquirimos e cedemos o terreo co beneplácito de todos vostedes. O xerente do consorcio, moi amable sempre que falei con el, sempre foi poñéndome escusas, sobre todo por falta de dotación orzamentaria, pero agora parece que por razóns doutra índole, ubicarase o centro noutro concello, concello que non ten proxecto, que non ten maior nota que Mesía nos ratios, e que non ten nin sequera unha media de envellecemento como o noso concello, pero, por razóns meramente políticas, se decantan agora por ubicar o centro nese outro concello. Gustaríame saber que opinión teñen vostedes, así que paso a palabra ós voceiros dos grupos municipais.

Toma a palabra o Sr. Pedreira, quen manifesta que este acordo parécenos razoable, nós imos seguir mantendo o noso criterio, parécenos algo necesario dadas as características do noso concello e tendo en conta ademais que xa está comprada a finca.

Toma a palabra de seguido o Sr. Álvarez, quen manifesta que nós estamos de acordo coa esencia do acordo, xa que Mesía deu todos os pasos para acadar o centro e é a nosa obriga pedilo, pero pedimos retirar o segundo punto do acordo porque eu non sei e é certo que ese outro concello cumpre ou non cos ratios e non sei se ten ou non ten o proxecto, pero coido que do que temos que preocuparnos é de que se faga o centro en Mesía, pero á marxe do que suceda noutros concellos, nós pedimos para nós, cada quen que pida para si.

Resposta o Sr. Alcalde que na moción quérese reflexar tamén o trato discriminatorio e a carencia de obxectividade da Xunta, pero en ningún momento se fai referencia algunha a un concello específico ou a que outro concello non poida obter tamén un centro.



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Toma a palabra o Sr. Álvarez manifestando que nós estamos de acordo coa esencia da moción reclamando a construción do centro, pero tamén queremos que conste en acta a nosa posición, a nosa desconformidade co segundo punto do acordo, referido a outro concello.

Non habendo máis intervencións, o Alcalde somete a votación a proposta, acadándose o seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

4. MOCIÓNS.

Pregunta o Sr. Alcalde se algún grupo quere, pola vía de urxencia, presentar algunha moción. Non habendo mocións, pásase ó seguinte punto da orde do día.

5. DAR CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA DO 110 Ó 244 DO 2010

Manifesta o Sr. Alcalde que, dado que os concelleiros xa teñen un listado cun extracto dos correspondentes decretos e resolucións, poidendo consultar o seu contido íntegro na casa do concello, dálles a palabra ós portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.

Toma a palabra o Sr. Pedreira quen pregunta polos seguintes decretos:

Decreto nº 110, cun gasto correspondente a unha churrascada organizada polo concello, ó que resposta o Sr. Alcalde que o concello non a organizou senón que colaborou pagando unha carpa.

Decreto de solicitude de oito mil euros para campamentos de verán e clases de inglés, ó que resposta a Sra. Sánchez, concelleira de cultura, que os campamentos de verán desenrólanse durante todo o mes de xullo.

Decreto nº 151, gasto de 198 euros para a revista de firmes empresarios produtores, ¿porqué a adquire o concello?. Resposta o Sr. Alcalde que é unha publicación que facilita ampla información sobre temas gandeiros, que obviamente interesan moito nun concello das nosas características, esa é a cota anual, recíbense dous revistas mensuais, unha provincial e outra autonómica, e están dispoñibles aquí, na Casa da Cultura, no moble que hai na entrada.

Decreto nº 168, actuación musical en Queiroa, ¿qué se fixo?, resposta a Sra. Sánchez que foi unha actuación na capela de San Isidro, aló son poucas casas e unha parte aportouna o concello.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Decreto nº 188, pagos a Grouplar, resposta o Sr. Alcalde que esta é a empresa que presta a asistencia en materia urbanística no concello.

Decreto nº 215, pago de 300 euros ao botafumeiro, resposta o Sr. Alcalde que con motivo da excursión que organizamos para gañar o xubileo, fíxose unha ofrenda que, por outra banda, é obligatoria.

Decreto nº 221, gasto de 2070 euros para axudar ó pobo saharai, resposta o Sr. Alcalde que consiste no pago dos gastos da viaxe e seguros de tres nenos que veñen dende aló e chegaron onte a Santiago para ser acollidos no verán por tres familias do concello, dous da parroquia de Bascoi e unha da parroquia de Cumbras.

Decreto nº 236, gasto de 580 euros viaxe a Lisboa, resposta o Sr. Alcalde que. trátase dunha excursión para os veciños organizada polo concello na que poñemos unha pequena parte.

Decreto nº 240, gasto de 2.178 euros a Casa Zapateiro, festa dos maiores, tempo fóra e fin de actividades, resposta o Sr. Alcalde que son os pasteliños que se dan pola tarde na festa, as doce cestas que se sortean e produtos alimenticios con ocasión do fin das actividades organizadas polo concello.

6. DAR CONTA DAS ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DENDE O 25 DE MARZO ATA O 3 DE XUÑO DE 2010.

Manifesta o Sr. Alcalde que, dado que os concelleiros xa teñen copia das actas da Xunta de Goberno Local, se queren plantexar algunha cuestión.

Pide a palabra o Sr. Pedreira, quen pregunta, en relación cos acordos da sesión de 8 de abril relativos a autorizacións de actividades extractivas a nome de Sánchez 33 e Espiñeira, das empresas Puente Lendo e Cerámica Riobó, se son a mesma empresa respostando o Sr. Alcalde que estas empresas o que están a facer é legalizar cuadrículas de extracción unha vez que obteñen o correspondente recoñecemento administrativo da Xunta, pero non estou seguro de que sexa a mesma empresa, coido que non. Sinala o Sr. Pedreira que cree que Cerámica Riobó extrae aquí pero va a outro sitio, ó que resposta o Sr. Alcalde que tamén o cree.

7. ROGOS E PREGUNTAS.

Pide a palabra o Sr. Bello, quen manifesta que neste concello temos un Regulamento de Axuda no Fogar que se aprobou neste Pleno e que regula o traballo das persoas adicadas a esta labor, pero estamos recibindo queixas de que non se están a facer as cousas polo regulamento, xa que hai persoas que piden máis do que lles corresponde ás persoas



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

encargadas de facer o traballo de axuda no fogar, polo que debería procurarse que a persoa que vai a cada casa faga só o que teña que facer, e tería que haber un control polo persoal técnico. Non se debe sobreexplotar á xente encargada de prestar este servizo. Resposta o Sr. Alcalde que as labores a desenrolar polas auxiliares están estipuladas e reguladas, polo que calquera cousa que non estea contemplada queda a vontade da persoa que o fai, tendo en conta que a axuda préstase en cincuenta e catro domicilios e non sei todo o que sucede en cada un deles, pero asegúrolle que contamos con xente que ten a mellor disposición posible para realizar o seu traballo e eu, ademais, prefiro que se peque por exceso que por defecto. Éste é un tema moi delicado, pero farei as indagacións que estime oportunas.

Toma a palabra o Sr. Álvarez, quen manifesta como rogo que nos tribunais de selección de persoal haxa algún membro dos outros partidos da Corporación, aínda que non sexa do Partido Popular. Resposta o Sr. Alcalde que coa nova regulación nesta materia xa fai tempo que non pode participar ningún político neses órganos de selección.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde - Presidente, sendo as once horas e dez minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretario - Interventor, certifico.

Visto e Prace,
O alcalde,